

C.D.R. PORTAS ABERTAS



Memoria de Actividades 2019



#FORZARURAL

Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas



RURAL NATURALMENTE

O Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas realiza a súa actividade no medio rural da Comarca de Verín: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.

- Dende Vilardevós, onde ten a súa sede, dirixe un programa Integral destinado á poboación do rural, intervindo con todos os sectores da poboación, un programa de atención urxente a persoas de especial necesidade, un programa de maiores e un programa de medio ambiente.
- Dende Verín, o Centro multiusos de Servizos Sociais para a conciliación do CDR Portas Abertas realiza multitude de actividades destinadas tamén a toda a poboación.

Entidades Colaboradoras

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS ESTATAIS, AUTONÓMICAS E PROVINCIAIS, FUNDACIÓNS.



galicia



FUNDACIÓN ESPADAÑA



Fundación Barrié




REDES NAS QUE COLABORAMOS E ENTIDADES DAS CALES FORMAMOS PARTE:




vi[^]imos
NORURAL

plataforma de
organizaci3ns
de **infancia**
galicia



Identidade:

- MISIÓN
- VISIÓN
- OBXECTIVOS
- FINS





Misión :

A nosa misión é traballar coa comunidade rural en procesos de desenvolvemento integral e sostible, en coordinación con outros axentes do territorio para tentarxerar mellores condicións de vida da poboación no seu medio.



Visión :

Contribuir á creación dun medio rural desenvolvido e sostible, económica, social, cultural e humanamente.



Obxectivos :



- 
- Encamiñar iniciativas e accións conxuntas coa administración e outras entidades para a promoción social, educativa e económica do medio rural.
 - Traballar con colectivos especialmente desfavorecidos para propiciar un desenvolvemento personal e unha mellor calidade de vida.
 - Impulsar o desenvolvemento de todos os membros da comunidade: infancia, xuventude, maiores, persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de exclusión social.

Os nosos fins:

Ser centro de iniciativas e accións conxuntas coas administracións, entidades e institucións, públicas e privadas, para promover a solución dos problemas da zona.


Ser lugar de encontro e de coordinación de institucións, grupos e persoas que traballan e están preocupadas polo medio rural e as súas específicas problemáticas.

Organizar cantas actividades sexan precisas para mellorar a formación e información en diversos campos: economía social, emprego, cooperativismo, asociacionismo, igualdade de oportunidades, necesidades de equipamento e asistenciais, rehabilitación do medio físico sociocultural, lúdicas e de potenciación da expresión e da comunicación, turismo rural, medio ambiente, voluntariado e complementariamente promoverase a práctica deportiva en xeral, etc.

Prestar especial atención e apoio, a través de programas específicos, ós colectivos de persoas con discapacidade, persoas con unha enfermidade mental, menores en situación de conflito ou risco social, persoas maiores con problemas, persoas reclusas e exreclusas, persoas inmigrantes, minorías étnicas, persoas toxicómanas, mulleres maltratadas, familias desestruturadas... e outros colectivos en situación de exclusión social.



Promover a sensibilización, captación, formación, apoio e coordinación do voluntariado social no medio rural ante as crecentes necesidades de intervención a favor de todos os sectores da poboación: potenciando as actividades devoluntariado e a integración das persoas voluntarias nos programas e estrutura organizativa do CDR Portas Abertas.



Impulsar a educación, formación, información, ensinanza e cultura do medio rural en todos os seus aspectos e promover o desenvolvemento e progreso, económico e social do mesmo.

Promover a participación e o desenvolvemento de todos os membros da comunidade rural. Cooperar co desenvolvemento dos pobos definíndose esta Asociación, a todos os efectos, como Organización non Governamental.

Apoiar iniciativas a favor da revalorización humana, técnica e económica, da agricultura e da gandeiría; á vez que se promove a busca de novas actividades para un mellor aproveitamento dos recursos humanos e materiais.

Xunta Directiva:

Presidente: Xosé Paz Paz

Coordinador Xeral: Digno González Diéguez

Secretario: Isaac Barreira Gallego

Tesoureiro: Carlos Alonso Diéguez

Vogalías:

- José Luis Pérez García
- José Luis Vaz Fernández
- José Luis Mateo García
- Francisco González Fernández

Equipo técnico:

Coordinadora de actividades- Traballadora Social:
Tamara Balboa

Educadoras Sociais:

- Andrea Rodríguez
- Jasmin Prieto
- Laura Guerra

Psicóloga: Montserrat Pérez

Enxeñeira técnica agrícola: Beatriz Fernández.

Monitor de xadrez: Sergio Crespo.


Voluntariado:

O C.D.R. Portas Abertas conta cun equipo de 34 voluntarios/as. Algúns e algunhas deles/as colaboran nas actividades da entidade continuamente ó longo de todo o ano.

GRAZAS: Martina, Dolores, Marisa, Manuel e Ana.


Memoria económica

INGRESOS



Memoria económica


ENTIDADES FINANCIADORAS



Memoria económica

GASTOS

■ Gastos Persoal ■ Actividades e Mantemento ■ Gastos de Xestión



Programas:

Programa integral de intervención comunitaria en territorios rurais.

Programa de sensibilización e concienciación sobre a despoblación e a necesidade de emprendimento no medio rural.

Programa de atención a nenas e nenos con diferentes necesidades educativas do rural

Proyecto de investigación ambiental:

- Investigación para a recuperación de variedades de vide autóctonas en peligro de extinción da comarca de monterrei.
- Investigación para a recuperación de variedades silvestres e arbóreas empregadas tradicionalmente para a alimentación, paliación de dores e molestias, como prevención ou curación de enfermidades con base no coñecemento popular dos veciños e veciñas da Comarca de Monterrei.


Programas que recollan actividades e intervencións que se desenvolvan en zonas desfavorecidas ou no ámbito rural que inclúan intervencións en contornos familiares de especial vulnerabilidade ou dificultade social.

Programa de Atención a persoas maiores "máis maior"

Programa de voluntariado ambiental: xestión de residuos e uso da enerxía.

Programa de atención a nenas e nenos con diferentes necesidades educativas do rural.

- ESTE PROGRAMA VAI DIRIXIDO A ACTUACIÓNS E INTERVENCIÓNS QUE SE DESENVOLVEN EN ZONAS DESFAVORECIDAS OU NO ÁMBITO RURAL E QUE SE INCLÚAN INTERVENCIÓNS EN CONTORNOS FAMILIARES DE ESPECIAL VULNERABILIDADE OU DIFICULTADE SOCIAL.
- ATENDÉRONSE A UN TOTAL DE 91 NENAS E NENOS.






Madrugadores C.E.I.P. Vicente Risco: Un programa no que os proxenitores interesados podían deixar os seus fillos e fillas antes da apertura do colexio, as nenas e nenos podían almorzar e o rematar realizar algunha actividade coa monitora responsable.

Atención a NNA con Necesidades Educativas Especiais así como a **Atención a familias Monoparentais e Monomarentais:** A nosa labor consistiu en acoller o cativo ou cativa no último ano de servizo no S.A.T. e logo facer un ano máis de seguimento de ese menor. Este servizo foi prioritario para todas aquelas familias que non se poidan permitir o pago da cota de un servizo privado.

Creación da Política de Bo Trato a Infancia: Con este documento o C.D.R. Portas Abertas comprométese a manter un entorno afectivo e protector, que preveña e se pronuncia en contra de calquer tipo de maltrato hacia a infancia. Especialmente condearemos calquer acción que intensifique a exclusión territorial á que son sometidos os nosos nenos e nenas.



Coordinación con SS.SS do Concello de Verín é co servizo de Atención Temperá da Mancomunidade: Grazas a este último ano, seguimos en contacto ca psicóloga, logopeda e pedagoga do Servizo para que nos sigan dando unhas liñas de actuación.


Actividades con nenos e nenas de etnia Xitana: A alta porcentaxe de absentismo escolar unido os diferentes factores de exclusión que afectan á etnia xitana, fixo que fora necesario traballar con eses nenos e nenas.

Fotografías: Programa de atención a nenas e nenos con diferentes necesidades educativas do rural.



Programa de Atención a persoas maiores "Máis Maior"

- ESTE PROGRAMA VAI DIRIXIDO A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL, ENVELLECIMENTO ACTIVO E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA DE PERSOAS QUE MAIORES RESIDENTES NO MEDIO RURAL.
- ATENDÉRONSE A UN TOTAL DE 106 PERSOAS MAIORES E PERSOAS COIDADORAS.





Información, orientación e
asesoramento a persoas
coidadoras: Sobre o transcurso da
enfermidade, as fases de
demencia, axudas técnicas,
adaptación do fogar...



Terapia Ocupacional: Levouse a
cabo de maneira individual no
domicilio e de maneira grupal
cando foi posible. Este programa
levaba intrínseco o respiro
familiar da persoa coidadora.



Estimulación Cognitiva e mellora da
psicomotricidade: Este programa
levouse a cabo en diferentes
aldeas da Comarca de Verín, a súa
vez fomentábanse as relación
sociais e a evasión da soidade.


Obradoiros
diversos: arteterapia e memoria.
Estos obradoiros realízanse durante
todo o ano no noso centro de Verín,
neles tentamos ralentizar a
enfermidade e tentamos facer
activos o nosos usuarios/as
fometando a súa creatividade.



A cluster of red and yellow circles in the top-left corner of the slide.

Servizo de acompañamento: para
persoas maiores e/ou dependentes
que viven soas ou ben por elas
mesmas non teñen a suficiente
capacidade como para realizar
trámites administrativos.

Obradoiros de saúde: previr infartos,
ictus, hipertensión, colesterol, nutrición
e alimentación, autoaxuda. Estes
obradoiros foron realizados de
maneira puntual para persoas
coidadoras pero tamén para persoas
usuarias.


A cluster of red and yellow circles in the bottom-right corner of the slide.

Fotografias: Programa de Atención a pessoas maiores "Mais Maior"



Programa de voluntariado ambiental: xestión de residuos e uso da enerxía.

- ESTE PROGRAMA FOI DIRIXIDO A ACTUACIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE VOLUNTARIADO, DESTINADAS O VOLUNTARIADO EN MATERIA AMBIENTAL SOBRE A XESTIÓN DE RESIDUOS E USO DA ENERXÍA.
- ATENDÉRONSE A UN TOTAL DE 213 NENAS E NENOS.





Limpeza de lixo en ríos, zonas verdes, zonas urbanas e vertedoiros ilegais: Actividade de concienciación sobre a necesidade de manter limpa a nosa contorna.




Charlas para a correcta separación e reciclaxe de residuos urbanos e residuos especiais: Formación de balde para saber reciclar correctamente.

Charlas sobre consumo e uso de enerxía: Campaña en redes sobre o bo uso e aforro enerxético.

Obradoiro de formación de voluntarios en consumo e uso e enerxía.



Obradoiro de formación de voluntarios en xestión e reciclaxe de residuos: dúas das aulas (Vences e Monterrei) que pertencen o C.R.A. de Monterrei, fomos a dous dos colexios ubicados en entorno Rural da Comarca (C.E.I.P Castiñeiro de Laza e C.E.I.P. Vicente Risco de Cualedro, tamén recibiron formación nenas e nenos do C.E.I.P. Amaro Refojo de Verín e contamos tamén con todos os nenos que veñen as nosas actividades extraescolares de Vilardevós, así como os Voluntarios/as Xuvenís que temos na entidade.



Fotografías: Programa de voluntariado ambiental: gestión de residuos e uso da enerxía.

Bo uso e aforro de enerxía

Voluntariado ambiental 2019

En que consiste?

Consiste na análise do uso da enerxía no fogar que abarca dende o tipo de illamento e materiais do fogar, ós aparatos que se empregan, os sistemas de calefacción ata as facturas de enerxía...

De onde sae a enerxía? Que son as fontes de enerxía?

As fontes de enerxía son os recursos existentes na natureza dos cales podemos obter enerxía utilizable nalgunha das formas seguintes.

Enerxía primaria. É a enerxía dispoñible na natureza sen necesidade de ser transformada (gas, carbón, etc).

Enerxía secundaria. É a enerxía resultado da transformación das enerxías primarias (enerxía eléctrica).

Non renovables. Atópanse en cantidades limitadas e a súa velocidade de rexeneración é inferior á de consumo.

Renovables. Son inesgotables, xa que se rexeneran a un ritmo superior do que se consumen.

O porque do aforro de enerxía

A loita contra o cambio climático pasa necesariamente por facer un uso máis intelixente da enerxía: para empregala eficientemente, é necesario coñecer con precisión o que realizamos mal no fogar e descubrir todos aqueles usos innecesarios e pouco axustados ós nosos hábitos de vida.

Consellos para aforrar enerxía.

Frigorífico.

O frigorífico é un dos electrodomesticos que máis enerxía consome ó ter un uso continuado.

Neste caso vese a importancia de elixir ben a categoría enerxética ó escoller o aparello.

Lavadora.

Despois do frigorífico e do televisor é o electrodomestico que máis enerxía consome.

A maior parte da enerxía que consome a lavadora (80 a 85%) emprégase para quentar a auga

Cociña

Existen dous tipos de cociñas, de gas e eléctricas. Dentro das eléctricas poden ser de resistencias, de tipo vitrocerámico e de inducción. En xeral as cociñas eléctricas son menos eficientes que as de gas.

Forno:

O forno ó igual que todos os aparellos que producen calor a partir de enerxía eléctrica son gran consumidores de enerxía.

Iluminación:


A iluminación é unha das necesidades máis importantes dos fogares, representando aproximadamente a quinta parte da electricidade que se consome.

Fotografias: Programa de voluntariado ambiental: gestión de residuos e uso da energia.



Programa de Atención ás necesidades básicas de persoas do medio Rural

- ACTIVIDADES E INTERVENCIÓNS QUE SE DESENVOLVAN EN ZONAS DESFAVORECIDAS OU NO ÁMBITO RURAL QUE INCLÚAN INTERVENCIÓNS EN CONTORNOS FAMILIARES DE ESPECIAL VULNERABILIDADE OU DIFICULTADE SOCIAL.
- É UN PROGRAMA DESTINADO Á COBERTURA DE BENS DE PRIMERIA NECESIDADE DAS FAMILIAS MÁIS NECESITADAS.
- A TRAVÉS DE ESTE PROGRAMA ATENDEMOS A UN TOTAL DE 864 PERSOAS.





Entrega de bens de primeira
necesidade
(alimentos, menciñas, butano):
Para persoas derivadas de
Servizos Sociais ou de outras
entidades (FEMURO, CIM ou CRUZ
VERMELLA)

Formación en Habilidades
Sociais: Ferramentas para o día a
día, para educar e educarse, a
importancia dos valores.



Recollida, selección e entrega de
roupa e outros útiles: Esta
actividade tamén vai dirixida a
persoas derivadas de servizos
sociais ou de outras entidades.

Orientación Laboral: Como buscar
emprego, elaborar un currículo e
outros conceptos de interese na
materia, con un continuo
seguimento ao longo de
todo o ano, así como a derivación
a outras entidades.





Orientación e Asesoramento


Apoio e Acompañamento para a
inclusión

Xestión de aloxamentos

Formación:

- “ Xornada informativa e práctica sobre métodos de control integrado de pragas” .
- “ Xornada informativa e práctica sobre a incorporación das TICs na xestión e información das explotacións” .

Becas comedor: Servizo para
garantizar unha comida completa
o día nos meses de verán.
Familias derivadas de servizos
sociais ou outras entidades.



Fotografías: Programa de Atención ás necesidades básicas de persoas do medio Rural



ACTIVIDADE FINANCIADA POLO FONDO
EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO
RURAL (FEADER) NO PERÍODO DE
PROGRAMACIÓN 2014-2020.

XORNADA INFORMATIVA E PRÁCTICA SOBRE A INCORPORACIÓN DAS TICs NA XESTIÓN E INFORMACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS

**SÁBADO, 6 DE XULLO DE 2019
DE 9:00 A 14:30 HORAS**

**INSCRIPCIÓN NO CDR PORTAS ABERTAS:
R/MARIANO CARRERO N°10 VERÍN
988 98 95 08/988 41 72 32**

DATA LÍMITE DE INSCRIPCIÓN: 24 DE XUÑO



XORNADA INFORMATIVA E PRÁCTICA SOBRE MÉTODOS DE CONTROL INTEGRADO DE PRAGAS

Actividade financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento
Rural (FEADER) no período de programación 2014-2020.

**SÁBADO 27 DE ABRIL DE 2019
DE 9:00 A 14:30 HORAS**


**INSCRIPCIÓN NO CDR PORTAS ABERTAS:
R/MARIANO CARRERO N°10 VERÍN**

988 98 95 08/988 41 72 32

portasvilardevos@gmail.com

Programa integral de intervención Comunitaria en territorios rurais.

- ESTE PROGRAMA FOI DIRIXIDO A TODA PERSOA QUE SE ATOPOU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL E TERRITORIAL.
- A TRAVÉS DE ESTE PROGRAMA ATENDEMOS A UN TOTAL DE 665 PERSOAS.



Información, Orientación e
asesoramento socio-laboral

Educación Compensataria con
nenas e nenos: Escola de
Xadrez, Pintura, Informática,
Teatro, Inglés...

Apoio a Inserción-laboral da
poboación: Publicación de
ofertas de traballo, contacto
directo con persoas usuarios en
búsqueda de emprego, apoio a
persoas emprendedoras...

Conciliación da vida familiar e
laboral: Conciliación anual e
conciliación nos meses estivais.

Traballo en rede e cesión de
instalacións a outras
entidades: Centros de saúde,
Asociación Trama, CIM, SAT,
Servizos Sociais dos
concellos da comarca,
EAPN, Cáritas Lugo, Adisve,
ADRAT, Reas Galicia,
Fundación Barrié...



Apoio ó emprego no sector
primario: Curso de nocións
básicas para o aproveitamento
de sostible dos soutos.

Agricultura social e
ecolóxica: Xornadas
informativas e prácticas sobre
viticultura ecolóxica e sobre
métodos de control de pragas.



Recuperación de saberes e
oficios: Obradoiro de oleiría,
cestería tradicional,
recuperación de saberes...




Dinamización da vida no medio
rural da comarca: Andainas,
feiras, obradoiros de
psicomotricidade...



Sensibilización para o acollemento de novos poboadores e fomento
das enerxías renovables como motor de dinamismo e xénese de emprego





Información, orientación e formación para persoas inmigrantes:
Actividades con nenos, nenas e as súas familias, Alfabetización,
Curso e seguemento do exame de nacionalidade, ect.

Información, orientación e formación para persoas con diversidade funcional e familias coidadoras: Grupo de Traballo con persoas con diversidade funcional, Visitas culturais, Charla de discapacidade no medio Rural (ADISVE).




Manifestación da España
Baleirada.

Acollemento de estudantes en
prácticas.



*Fotografías: Programa integral de
intervención Comunitaria en territorios
rurais.*









ACCIÓN FORMATIVA

UNIDADE IMPARTIDORA:

AGACAL

CONVOCA UNHA ACCIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL E
ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS SOBRE:

NOCIÓN BÁSICAS PARA O APROVEITAMENTO SOSTIBLES DO SOUTO

DESTINADA ÁS PERSOAS VINCULADAS PROFESIONALMENTE COS
SECTORES PRODUTIVOS RELACIONADOS COA AGRICULTURA,
GANADERÍA, INDUSTRIA AGROALIMENTARIA E CADEA FORESTAL-
MADEIRA, OU CON EXPECTATIVA DE INCORPORACIÓN, EN ESPECIAL
MOZOS E MOZAS DO MEDIO RURAL GALEGO.

LUGAR DE REALIZACIÓN: CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO CONTRABANDO
R/ XACINTO SANTIAGO, 23 (Telf.: 988417232)

PARROQUIA: VILARDEVÓS

CONCELLO: VILARDEVÓS

DURACIÓN: 4 h

Nº DIAS: 1




CASTAÑA
DE GALICIA



Programa de sensibilización y concienciación sobre la despoblación y la necesidad de emprendimiento en el medio rural.

- ESTE PROGRAMA FOI DIRIXIDO A DIFERENTES ÁMBITOS PERO TODOS ELES RELACIONADOS COA DESPOBLACIÓN RURAL.
- A TRAVÉS DE ESTE PROGRAMA ATENDEMOS A UN TOTAL DE 68 PERSOAS.





Actualización de datos na
plataforma dixital sobre terras e
vivendas:


Campaña de sensibilización
sobre a despoboación en redes
sociais e cartelería impresa:
¿Conquistaremos a península,
Volver a aldea e No rural somos
Corazón-Coraxe.

Campaña de sensibilización
sobre a despoboación nas aldeas
da comarca.

Difusión e realización do
seminario sobre a despoboación
no medio rural.

Recollida de información sobre o
banco de terras e casas
dispoñibles para acoller a novos
poboadores

Fotografías: Programa de sensibilización y concienciación sobre la despoblación y la necesidad de emprendimiento en el medio rural.





IMOS CONQUISTAR A PENÍNSULA

CHAMAINOS CHALADXS.

Somos o 20% da poboación, e xa temos o 80% do territorio.

Fundación Barrié

C.D.R. Portas Abertas



Volver a Aldea

*Programa de sensibilización
e concienciación sobre a
despoboación e a necesidade
de emprendemento no medio
rural.*

*Proxecto que une a persoas que queren
vir o rural con persoas que teñen terras
e casas con dispoñibilidade de cesión,
aluguer e venda.*



volveralpueblo.org



Proyecto de Investigación Ambiental:

- INVESTIGACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DE VARIEDADES DE VIDE AUTÓCTONAS EN PELIGRO DE EXTINCIÓN DA COMARCA DE MONTERREI.
- INVESTIGACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DE VARIEDADES SILVESTRES E ARBÓREAS EMPREGADAS TRADICIONALMENTE PARA A ALIMENTACIÓN, PALIACIÓN DE DORES E MOLESTIAS, COMO PREVENCIÓN OU CURACIÓN DE ENFERMIDADES CON BASE NO COÑECEMENTO POPULAR DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA COMARCA DE MONTERREI,





Investigación para la recuperación de variedades de vide autóctonas en peligro de extinción da Comarca de Monterrei.



Proceso de contacto cos viticultores, formación en viticultura e búsqueda de variantes



Labores de mantemento de parcela e prantas.




Trámites administrativos



Inxerta de variedades de interés



Fotografías: Investigación para a recuperación de variedades de vide autóctonas en peligro de extinción da Comarca de Monterrei.



Investigación para a recuperación de variedades silvestres e arbóreas empregadas tradicionalmente para a alimentación, paliación de dores e molestias, como prevención ou curación de enfermidades con base no coñecemento popular dos veciños e veciñas da Comarca de Monterrei,

Fase de
acercamento



Guión de
entrevistas e ficha
de campo

Fase de
investigación



Entrevistas as personas con coñecementos sobre estos temas, e realizouse unha toma de datos morfolóxicos das variedades silvestres sobre as que falan. Proceso de contacto cos viticultores, formación en viticultura e búsqueda de variantes

Fase de análise



Sistematización
da información

Fotografías: Investigación para a recuperación de variedades silvestres e arbóreas empregadas tradicionalmente para a alimentación, paliación de dores e molestias, como prevención ou curación de enfermidades con base no coñecemento popular dos veciños e veciñas da Comarca de Monterrei.



grazaa.

CDR Portas Abertas:

Oficinas

- R/ Xacinto Santiago N° 23; 32616
Vilardevós, 988 41 72 32
- R/ Mariano Carrero N° 10; 32600
Verin, 988 98 95 08

Correo electrónico: rural@crportasabertas.org

Web: <http://www.cdrportasabertas.org/>

Facebook: Portas Abertas - centro de desenvolvimento rural

Twitter: @CDR_Portabertas

COCEDER:

Oficina:

- R/Fuente el Sol N°2 entepta 47009
Valladolid 983371279

Fax: 983201864

Web: www.coceder.org

Correo electrónico: info@coceder.org

Facebook: COCEDER

Twitter: @COCEDER